

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

RESOLUCIÓN do 26 de marzo de 2021, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se nomean novos membros do tribunal cualificador do concurso-oposición para o ingreso na categoría de médico/a de admisión e documentación clínica, convocado pola Resolución do 13 de decembro de 2019.

Mediante a resolución desta dirección xeral do 11 de marzo de 2021 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 54, do 22 de marzo) procedeuse ao nomeamento do tribunal cualificador do concurso-oposición para o ingreso na categoría de médico/a de admisión e documentación clínica.

Na base sétima da Resolución do 13 de decembro de 2019, de convocatoria do proceso, dispónse que a autoridade convocante publicará no *Diario Oficial de Galicia* a resolución pola que se nomeen novos membros que teñan que substituír os que perderon a súa condición por algunha das causas previstas.

De conformidade coa mencionada base, e por circunstancias sobrevidas, esta dirección, como órgano convocante do proceso,

ACORDA:

Nomear, con efectos desde a data da presente resolución, novos membros, titular e suplente, do tribunal cualificador do concurso-oposición para o ingreso na categoría de médico/a de admisión e documentación clínica, convocado mediante a Resolución do 13 de decembro de 2019, nos termos que a seguir se indican:

Vogal titular: Rodríguez Fouz, Coral, persoal estatutario licenciado sanitario, médico/a de admisión e documentación clínica, en substitución de Soto Herrero, M^a Trinidad, persoal estatutario licenciado sanitario, médico/a de admisión e documentación clínica.

Vogal suplente: Vila Enríquez, M^a Pilar, persoal estatutario licenciado sanitario, médico/a de admisión e documentación clínica, en substitución de Rodríguez Fouz, Coral, persoal estatutario licenciado sanitario, médico/a de admisión e documentación clínica.

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2021

Ana María Comesaña Álvarez
Directora xeral de Recursos Humanos

